

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 19 DE AGOSTO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de agosto de dous mil vinte; as nove horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez,

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 1251/2020 RIB / N/54/20

Visto o escrito presentado por dona María Luz Fernández Quintas en representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional , onde solicita Licenza de Obras para “ PROXECTO CONSTRUCTIVO MURO DE CONTENCIÓN NA PARCELA DO POLIDEPORTIVO IES O RIBEIRO DE RIBADAVIA (OURENSE)” , redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D Iván Valcarce Rodríguez.

Consta no expediente:

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Mercedes Alvarez López de data 4 de agosto de 2020.

-Informe do Secretario municipal de data 14 de agosto de 2020.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licenza de obras a dona María Luz Fernández Quintas en representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional , para “ PROXECTO CONSTRUCTIVO MURO DE CONTENCIÓN NA PARCELA DO POLIDEPORTIVO IES O RIBEIRO DE RIBADAVIA (OURENSE)” , redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D Iván Valcarce Rodríguez.

En Rúa do Carballiño n 25,, Ribadavia, referencia catastral 0931327NG7803S0001PX.

1.- Condicións xerais:

As licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará .
Educativo.

Contía na que se orzan as obras: 23.212,25 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa do Ribeiro 25.

Referencia catastral: 0931327NG7803S0001PX

Nome ou razón social do promotor: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Xirase unha liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras pola contía de 2095,77 euros.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

-Escrito de don Serafín Lorenzo González, titular da licenza de taxi nº4, con rexistro de entrada no concello número 3642 de 3 de agosto de 2020, denunciando deficiencias no servizo municipal de taxi.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e dar traslado aos voceiros dos grupos políticos municipais.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 3672 de 4 de agosto de 2020, no que expón:

En relación coas notificacións que moita veciñanza está a recibir da Delegación do Catastro, e nos cales se están a detectar sucesivos erros.

1ª Erros nos lindes de solo rústico co solo urbano (“cosido”), onde se están dando erros na Superposición de parcelas, segundo se teñen detectado erros á hora de facer valoración catastral.

2ª Erros na propia valoración catastral.

Solicitamos:

1º Que o concello actúe de oficio creando unha asesoría para que os veciños poidan recurrir, en relación coas notificacións con erros catastrais.

Facilitandolle aos veciños tramites para interpoñer recurso diante de Catastro para solicitar que o valor catastral se revise, xa que existen demasiados casos nos que o seu valor catastral non se corresponde, segundo datos do Catastro. Existindo moitas posibilidades de estar mal catastrados.

2ª Pregamos celeridade e dilixencia, pois os prazos son moi importantes.

3ª Todos os escritos rexistrados no concello se envién por Administración Electrónica á sede do catastro.

A xunta de goberno acorda comunicar que xa se está procedendo no senso indicado.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 2020-e-re-305 de 9 de agosto de 2020, no que expón:

-En relación coa situación acontecida en demasiadas fins de semana no noso municipio, no cal non existiu ningunha garda nocturna das forzas da Policía Municipal.

O noso grupo considera que o goberno municipal e o concello non poden desentenderse do problema de incumprimento da normativa de prevención anti-covid 19. Tampouco da convivencia entre descanso veciñal e diversión nocturna. Todas necesarias.

Isto é algo que, por desgraza, está sucedendo con impunidade en Ribadavia.

Preguntámonos que Ribadavia queremos? Non queremos unha cidade sen lei senón un concello onde a convivencia e o respecto sexan bandeira.

No pleno de xullo pedíamos unha campaña de concienciación social para reforzar a prevención e as normas de seguridade, xa que daquela o noso grupo detectaba certa relaxación puntual en determinados sectores sociais. A pesar de que a maioría da sociedade cumpre correctamente todas as normas das autoridades sanitarias, sempre hai exemplos que semellan viven nunha relaxación pouco respectuosa e moi perigosa.

Solicitamos:

1º Que o concello de Ribadavia estableza algunha garda nocturna de policía local , e que sempre se reforce nas fins de semana, xa que son días nos que se acumula xente na nosa vila.

2ª Que o concello de Ribadavia leve a cabo a petición do noso grupo aprobada no Pleno de xullo para facer unha campaña de sensibilización e precaución do Covid-19 entre a nosa poboación , así como do reforzamento da normativa de prevención.

3º Que o concello de Ribadavia solicite aos responsables da Garda Civil colaboración e implicación nestas tarefas e funcións , pois somos coñecedores de que nestes momentos os recursos da Policía Local son limitados.

A xunta de goberno acorda comunicar que xa se teñen tomado as medidas oportunas e que hai un contacto permanente entre o concello e a Garda Civil.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 3812 de 10 de agosto de 2020, no que expón:

En relación coa situación na que se atopa a Palmeira situada na Praza Buxán, en moi mal estado.

Foi recentemente podada , e non coñecemos se existe un informe sobre a situación actual.

Solicitamos

Que o concello de Ribadavia actúe e intente un tratamento que salve dita palmeira, con persoal especializado que:

- Analice a situación da palmeira.
- Aplique un tratamento especializado que permita a súa curación.

A xunta de goberno acorda comunicar que se están avaliando as posibilidades.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 3856 de 11 de agosto de 2020, no que expón:

En relación co mal estado no que se encontra a rúa que vai dende a entrada a praza do Cruceiriño ata o ramal, no termo municipal de Francelos, cun pavimento moi deteriorado.

Considerando que levamos un ano reclamándolle ao goberno o seu arranxo.

Solicitamos :

Que se leve a cabo o arranxo e mellora do pavimento, xa que se trata dunha zona con moito tránsito e céntrica de Francelos.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, con número de rexistro de entrada no concello 3766 de 10 de agosto de 2020. , concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia , en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte solicitude:

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia ,vimos de recibir reclamacións por parte dos veciños da rúa Virxe do Portal, pola retirada do colector de lixo situado na mesma.

Como podemos comprobar , a ausencia deste colector afecta a moitas familiase e incluso hostelería, tendo que desplazarse a depositar os residuos a distancia, polo que reclamamos que se faga unha modificación da ubicación do colector para esta zona tendo en conta o peso e o desplazamento dos usuarios e sobre todo dos establecementos.

Debemos pór os servizos do concello ao dispor dos veciños/as, dar solucións e recursos na medida do posible neste tipo de situacións que provocan malestar .

O GMS de Ribadavia, reclamamos esta situación e solicitamos que se nos faga chegar o motivo que levou a retirada deste colector que daba servizo a zona.

A xunta de goberno acorda comunicar que o colector de lixo non se retirou, houbo un cambio de ubicación , atopándose na mesma rúa na beirarrúa de enfrente, e que, recentemente, colocouse un colector a maiores nesa rúa.

-Escrito de dona Carla Varela González, con rexistro de entrada no concello número 3829 de 11 de agosto de 2020 , no que expón :

A rúa de San Lázaro ten tramos sen medidas de protección anticaida, sendo un perigo para os peóns.

Ademais as silvas das fincas invaden as aceras, Está moi descuidada en xeral.

Solicita :

A colocación de medidas de protección nos tramos que faltan.

O mantemento da rúa en xeral(desbroce das fincas, limpeza...)

A xunta de goberno acorda comunicar que xa se está actuando en relación ao solicitado.

-Informe de Aqualia sobre o estado do nivel de captación do río Maquians.

-Escrito de dona Paula Rodríguez Domínguez en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-303 no que expón:

En relación coa situación na que se atopan varios colectores do noso municipio, sobre todo os colectores amarelos de plásticos-embases, algúns que levan unha semana sen recoller.

Solicita :

Que o concello de Ribadavia resolva esta situación insostible para a veciñanza.

A xunta de goberno acorda comunicar que foi un problema puntual porque vehículos mal estacionados impedían o acceso do camión do lixo, e, que o problema xa se solventou.

Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, con número de rexistro de entrada 3893 de 12 de agosto de 2020 , concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia , en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte solicitude:

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia , solicita a colocación dun valado na rúa Ramal de Francelos para maior seguridade dos viandantes (principalmente máis miúdos)

A zona dispón dun arame metálico , que estaba rodeado dunha enredadeira de gran tamaño, polo que, ao talar ésta quedou ao descuberto causando perigo, debido ao deterioro polo paso do tempo.

A xunta de goberno acorda comunicar que xa se teñen tomado medidas sobre dita cuestión.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-319 no que expón:

O vandalismo é unha lacra social que temos que perseguir, unha responsabilidade compartida das institucións , que temos recursos e competencias, como tamén da sociedade. En Ribadavia debemos tomar medidas máis drásticas, pois levamos moito tempo permitindo cousas que non se poden consentir. Hoxe tocoulle a quenda ao recinto municipal no que se desenvolven os campamentos de verán. Rexistramos este escrito como continuidade co rexistrado a semana pasada polo noso grupo no que reclamábamos maior vixilancia contra os vándalos e os incumpridores das normativas de convivencia e sanitarias.

Solicita :

Reiteramos escrito de Ribeiro en Común no que pedimos maior vixiancia nocturna. Reclamamos unha investigación para intentar dar co/s responsables deste acto e de outros actos ilegais para proceder a sanción exemplar.

Reclamamos se teña presenza coordinada de vixilancia entre Garda Civil e Policía Local.

A xunta de goberno acorda comunicar que xa se teñen tomado as medidas oportunas e que hai un contacto permanente entre o concello e a Garda Civil.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Resolución da Presidencia da Deputación de Ourense declarando debidamente xustificada a subvención de Obras de acondicionamento e mellora do campo de fútbol de O Xestal de Ribadavia por importe de 48.000 euros e ordenando o pago da mesma.

Escrito da Mancomunidade Turística do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro solicitando o ingreso da aportación do concello de Ribadavia, correspondente ó ano 2020, por importe de 16.000 euros.

Requerimento do Instituto Galego de Vivenda e Solo en relación ao Programa de fomento de rexeneración e renovación urbana.

5.-CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

XERACION DE CREDITOS Nº 8/2020

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº8/20, por importe de 30.369,30 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN DE FACTURA

A xunta de goberno local por unanimidade acorda aprobar a factura nº8 de Estudio Arte , Rocío Estevez Rodríguez, de data 11708/2020 por importe total de 6383,30 euros correspondente o custe do persoal do Proxecto AviaConcilia , para a Escola de Verán Avia Verán.

APROBACIÓN DE FACTURA

Visto o informe previo ó recoñecemento de obrigas emitido polo Traballador Social D Justo Fernández Martínez.

A xunta de goberno local ,por unanimidade, acorda prestar aprobación á factura nº 131 2020 de data 8/13/2020 emitida por Disnormac SL, por un importe total de 1965,04 euros correspondente a 120 guantes de nitrilo e 40 guantes de vinilo.

**TRANSFERENCIA Á ANTERIOR PROPIEDAD DO IMPORTE DE
ADXUDICACIÓN DA VENDA FORZOSA POR POXA PÚBLICA Á ALZA DA
DENOMINADA GRANXA DE OUTEIRO EN FRANCELOS.**

Considerando que con data de 30 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno Local do concello de Ribadavia acadou o seguinte acordo:

Adxudicación do inmovible denominado Granxa de Outeiro, Francelos,
Venda Forzosa por poxa pública.

Visto o expediente tramitado polo concello de Ribadavia para a enaxenación por poxa pública para a venda forzosa de inmovible denominado Granxa de Outeiro en Francelos, Ribadavia (datos rexistrals Rexistro de Ribadavia, Finca de Melón nº 3035, Tomo 391, libro 21, folio 244; Referencia Catastral 32070A04900001000YS) por incumprimento de obrigas relativas á edificación, conservación e rehabilitación , tramitado ao abeiro da Lei 1/2019 de rehabilitación , rexeneración e renovación urbana de Galicia.

Vista a acta de poxa pública de data 27 de xullo de 2020 no cal resulta adxudicatario ANAY674MB polo importe de 220.000 euros.

Resultan de aplicación á presente adxudicación as previsións contidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares , no sentido indicado no artigo 35.2 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia (“ na adxudicación se farán constar as condicións e prazos aos que queda obrigada a persoa adquirente, en calidade de resolutorias da adquisición).

Cláusula Decimo Primeira.

“ A adxudicación realizarase no prazo máximo dunha semana a contar dende o día seguinte ao da celebración da subasta , notificándosele ao adxudicatario. En esta notificación ao adxudicatario advertiráselle que no termo de quince días naturais a partir da recepción da mesma, deberá realizar o pago do precio total de adxudicación ingresándoo a favor do concello de Ribadavia , correndo de conta do adxudicatario os tributos que correspondan.”

CLÁUSULA DECIMO SEGUNDA.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos. No entanto, a continuación iniciaranse os trámites para o seu elevación a escritura pública sendo os gastos que se orixinen de conta do adjudicatario.

Cando por causas imputables ao adjudicatario non se houbese formalizado o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía constituída polo licitador.

Si as causas da non formalización fosen imputables ao Concello, indemnizarase ao

adjudicatario dos danos e prexuízos que a demora pódalle ocasionar con independencia de que poida solicitar a resolución do contrato.

CLÁUSULA DECIMOTERCEIRA.

O licitador que resulte adjudicatario efectuará o pago do prezo derivado deste contrato mediante ingreso na conta bancaria municipal que se facilitará ao efecto no prazo de 15 días hábiles, a partir da notificación, e iso sempre con carácter previo á formalización do contrato.

En caso de non efectuarse o pago na forma prevista no apartado anterior o licitador decaerá no seu dereito, con perda do depósito previo

CLÁUSULA DECIMO CUARTA.

O contrato extinguirase por cumprimento ou resolución.

A estes efectos, será de aplicación ademais do contido no presente pliego de cláusulas administrativas particulares, no Código Civil e demais disposicións de dereito privado que sexan de aplicación.

Consideraranse causa de resolución do contrato:

- a falta do pago do prezo, nos prazos e forma establecidos no presente Pliego.
- A non presentación do proxecto técnico de rehabilitación no prazo de tres meses desde a firma da escritura de venda.

A aplicación das causas de resolución, os seus efectos así como o procedemento correspondente e a indemnización por danos e prexuízos que proceda, axustaranse ao disposto nas disposicións de dereito privado (Código Civil) de aplicación coas salvidades establecidas neste pliego.

O dominio revertirá automaticamente ao Concello, que poderá inscribilo ao seu nome no Rexistro da propiedade de acordo co establecido no artigo 23 da Lei Hipotecaria acreditando o cumprimento da condición .

Serán de conta do adjudicatario todos os gastos que se deriven tanto do otorgamiento de escritura como das correspondentes inscripciones registrales.

A reversión da leira transmitida producirase recuperándoa no estado en que se achar, sen que o Concello deba abonar cantidade algunha ao adquirente por razón do urbanizado ou edificado sobre a parcela

CLÁUSULA DECIMOQUINTA

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos que legalmente graven a transmisión, así como os gastos derivados da elevación da mesma a documento público notarial, así como a inscrición no Rexistro da Propiedade.

A xunta de goberno acorda:

-Adxudicar a finca denominada Granxa de Outeiro, sita en Francelos, Ribadavia; datos rexistrais Rexistro de Ribadavia, Finca de Melón nº 3035, Tomo 391, libro 21, folio 244; Referencia Catastral 32070A04900001000YS a ANAY674MB polo importe de 220.000 euros.

-Requerir a ANAY674MB para que efectúe o ingreso do importe de adxudicación na conta bancaria municipal no prazo de quince días hábiles a contar do seguinte ao da recepción da notificación da presente.

-Considerase causa de resolución do contrato a non presentación do proxecto técnico de rehabilitación do inmovible no prazo de tres meses a contar da firma da escritura de venda.

-O adxudicatario deberá pagar todos os impostos que legalmente graven a transmisión, así como os gastos derivados da elevación da mesma a documento público notarial, así como a inscrición no Rexistro da Propiedade.

Considerando que con número de rexistro de saída do concello de 11 de agosto 1728,1729,1730,1731,1732,1733 e 1734 o concello dirixiu o requerimento que se transcribe a don Enrique Pereira Borrajo Rey, don Gonzalo Pereira Borrajo Rey, doña Ana María Pereira Borrajo Cervantes, doña Beatriz Pereira Borrajo Cervantes, doña Marta Pereira Borrajo Rey, Don Manuel Pereira Borrajo Cervantes, don Pedro Pereira Borrajo Cervantes.

En relación ao expediente tramitado polo concello de Ribadavia de venda forzosa do inmovible por poxa á alza da denominada Granxa de Outeiro en Francelos, consonte ao previsto no Prego de Cláusulas e aos efectos de transferir o importe da adxudicación á propiedade, pola presente solicítase dos titulares que presenten no concello de Ribadavia un número de conta conxunta de todas as persoas a favor das cales se ten que facer o ingreso; ou ben un escrito asinado por todos os copropietarios nos que se indique a cota que lle corresponde a cada un, cun número de conta individual en que facer a transferencia.

Presentados con rexistro de entrada no concello de 17 de agosto de 2020 escritos:

Nº 3980 por don Enrique Pereira Borrajo Rey indicando o seu número de conta.
Nº 3985 por don Pedro Pereira Borrajo Cervantes indicando o seu número de conta.
Nº 3986 por dona Marta Pereira Borrajo Rey indicando o seu número de conta.
Nº 3987 por dona Beatriz Pereira Borrajo Cervantes indicando o seu número de conta.
Nº 3989 por don Manuel Pereira Borrajo Cervantes indicando o seu número de conta.
Nº 3997 por dona Ana María Ascensión Pereira-Borrajo indicando o seu número de cont.

Os citados escritos adxuntan o certificado de titularidade da conta bancaria.

A xunta de goberno en base aos datos que constan nesta administración ratificados polos escritos dos copropietarios en canto aos porcentaxes de titularidade(

Don Enrique Pereira Borrajo Rey 7;291667%.
Don Pedro Pereira Borrajo Cervantes 16,40625%.
Don Gonzalo Pereira Borrajo Rey 7,291667%
Dona Marta Pereira Borrajo Rey 7;291667%.
Dona Beatriz Pereira Borrajo Cervantes 16,40625%.
Don Manuel Pereira Borrajo Cervantes 16;40626%.
Dona Ana María Ascensión Pereira-Borrajo 28,9065 %.

A xunta de goberno acorda efectuar á transferencia dos anteriores copropietarios da denominada Granxa de Outeiro en Francelos, obxecto de venda forzosa por incumprimento de obrigas urbanísticas por poxa pública á alza:

Don Enrique Pereira Borrajo Rey 16.041,66€
Don Pedro Pereira Borrajo Cervantes 36.093,75€
Dona Marta Pereira Borrajo Rey 16.041,66€
Dona Beatriz Pereira Borrajo Cervantes 36.093,75 €
Don Manuel Pereira Borrajo Cervantes 36.093,75 €
Don Gonzalo Pereira Borrajo Rey 16.041,66 €.
Dona Ana María Ascensión Pereira-Borrajo 63.593,75 €.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIONES DE MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS NESE CONCELLO

Dase conta do Convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e concello de Ribadavia para a actuación de mellora da infraestrutura turística Soterramento do cableado do casco histórico de Ribadavia.

E sendo as nove horas e vinte e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.